



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 176
29 de xullo de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

■ 11611 (11/PPLI-000001)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para a extraordinaria consolidación de emprego e adquisición de fixeza do persoal en fraude ao servizo do sector público autonómico galego [65273](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Modificacións orzamentarias en comisión

Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

■ 18753 (11/MOP-000013)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2021 [65281](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite

■ 17996 (11/PRE-003840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar o problema das verteduras ao río Asneiro procedentes da depuradora de Botos [65370](#)



I 18005 (11/PRE-003841)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do mantemento da oferta pedagóxica no centro de educación infantil e primaria A Igrexa-Calo, no concello de Teo [65373](#)

I 18006 (11/PRE-003842)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización de obras de mellora da seguridade viaria na intersección da estrada AC-400 no seu quilómetro 11, no lugar das Paxareiras [65375](#)

I 18011 (11/PRE-003843)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre os recortes nos cadros de profesorado dos centros para o curso 2021/2022 [65377](#)

I 18015 (11/PRE-003844)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir as ausencias dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Oia e dotalo dun servizo de pediatría [65380](#)

I 18019 (11/PRE-003845)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre os medios materiais e económicos que vai achegar o Goberno galego aos concellos para faceren fronte ao Protocolo para a reactivación do lecer nocturno, no marco da crise sanitaria ocasionada pola covid-19 [65383](#)

I 18023 (11/PRE-003846)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para investigar e protexer o patrimonio arqueolóxico de Celanova [65385](#)

I 18103 (11/PRE-003847)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas por parte da Xunta de Galicia respecto da afectación na actividade marisqueira polas obras de dragaxe da ría do Burgo [65389](#)

I 18107 (11/PRE-003848)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das verteduras que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide [65392](#)



I 18112 (11/PRE-003849)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para estender o servizo de hospitalización a domicilio á totalidade da área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza [65395](#)

I 18518 (11/PRE-003850)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as axudas encamiñadas á habilitación e á mellora de infraestruturas dos parques empresariais de Galicia nos últimos seis anos [65397](#)

I 18556 (11/PRE-003851)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 4 máis**

Sobre o proxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural no concello de Aranga [65399](#)

I 18579 (11/PRE-003852)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira [65405](#)

I 18588 (11/PRE-003853)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 4 máis**

Sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras [65411](#)

1.4.5. Respostas a preguntas**Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación****I 18540 - 13092 (11/PRE-003158)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Castrelo de Miño [65415](#)

I 18539 -13102 (11/PRE-003168)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Punxín [65417](#)



I 18538 - 13121 (11/PRE-003187)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Irixo

[65419](#)**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.4. Organización e funcionamento do Parlamento****2.4.3. Convocatorias**

- Sesión da Deputación Permanente (día 30 de xullo, ás 12 horas)

[65272](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xullo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

- 11611 (11/PPLI-000001)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para a extraordinaria consolidación de emprego e adquisición de fixeza do persoal en fraude ao servizo do sector público autonómico galego
BOPG nº 108, do 10.03.2021

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia polo que acredita como válidas 10649 sinaturas e verifica que se superan o número mínimo de sinaturas esixido no artigo 2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, e acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei de iniciativa popular para a extraordinaria consolidación do emprego e adquisición de fixeza do persoal en fraude ao servizo do sector público autonómico galego e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 e 124 do Regulamento.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento e para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia.

4º. Publicar este acordo e o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de xullo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Modificacións orzamentarias en comisión

Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

- 18753 (11/MOP-000013)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2021

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite

- 17996 (11/PRE-003840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar o problema das verteduras ao río Asneiro procedentes da depuradora de Botos

- 18005 (11/PRE-003841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do mantemento da oferta pedagóxica no centro de educación infantil e primaria A Igrexa-Calo, no concello de Teo

- 18006 (11/PRE-003842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización de obras de mellora da seguridade viaria na intersección da estrada AC-400 no seu quilómetro 11, no lugar das Paxareiras

- 18011 (11/PRE-003843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre os recortes nos cadros de profesorado dos centros para o curso 2021/2022



- 18015 (11/PRE-003844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir as ausencias dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Oia e dotalo dun servizo de pediatría

- 18019 (11/PRE-003845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os medios materiais e económicos que vai achegar o Goberno galego aos concellos para faceren fronte ao Protocolo para a reactivación do lecer nocturno, no marco da crise sanitaria ocasionada pola covid-19

- 18023 (11/PRE-003846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para investigar e protexer o patrimonio arqueolóxico de Celanova

- 18103 (11/PRE-003847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas por parte da Xunta de Galicia respecto da afectación na actividade marisqueira polas obras de dragaxe da ría do Burgo

- 18107 (11/PRE-003848)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das verteduras que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide

- 18112 (11/PRE-003849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para estender o servizo de hospitalización a domicilio á totalidade da área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

- 18518 (11/PRE-003850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as axudas encamiñadas á habilitación e á mellora de infraestruturas dos parques empresariais de Galicia nos últimos seis anos

- 18556 (11/PRE-003851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre o proxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural no concello de Aranga



- 18579 (11/PRE-003852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira

- 18588 (11/PRE-003853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras

1.4.5. Respostas a preguntas

Cofecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 18540 - 13092 (11/PRE-003158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Castrelo de Miño

BOPG nº 120, do 06.04.2021

- 18539 - 13102 (11/PRE-003168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Punxín

BOPG nº 120, do 06.04.2021

- 18538 - 13121 (11/PRE-003187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Irixo

BOPG nº 120, do 06.04.2021

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, á vista do acordo da Mesa do Parlamento do día 27 de xullo de 2021 e logo da solicitude formulada polas deputadas e deputados do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 30 de xullo de 2021, ás 12.00 horas, coa seguinte orde do día:

Punto único. Solicitude das deputadas e deputados do G.P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da atención primaria e dos servizos de urxencias, e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas (doc. núm. 19105; 11/SCDP-000005).

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
23 FEB. 2021
Núm. <u>11611</u>

PROPOSICIÓN DE INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR
pola Consolidación de Emprego

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA;

Don Brais González Pérez, actuando en nome e representación da Comisión Promotora da Proposición de Iniciativa Lexislativa Popular pola Consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do Sector Público Galego, con enderezo a efectos de notificación na carreira de emprego público, do Concello de Santiago de Compostela (15702), email braisgonzalezperez@gmail.com e teléfono 698.144.229, ante este Organismo comparezo e, **DIGO**:

PRIMEIRO.- En virtude da esixencia da achega dun texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos, este incorpórase como Documento Nº 1.

SEGUNDO.- En virtude da necesidade de expoñer as razóns que, a xuízo das asinantes, aconsellen a tramitación e a aprobación por parte do Parlamento de Galicia da proposición de lei, entendemos que a Exposición de Motivos, á que nos remitimos na súa integridade, é literosuficiente ao efecto.

Se se nos permite, como mensaxe construtiva ao lexislador, neste senso, o que tentamos achegar os promotores e as promotoras desta Iniciativa é **unha solución satisfactoria e extraordinaria ao problema da falta de aplicación homoxénea da Directiva 1999/70/CE do Consello de Europa do 28 de xuño que se traduciu en dramáticas cotas de temporalidade sen causa e de permanentes actos de discriminación material no ámbito do Sector Público Galego**. Considerando que tal drama importa, porque as vidas das empregadas públicas importan, e que esta práctica inveterada de abuso derivou ao mesmo tempo na perda de calidade do servizo público.

Non se precisan extensas diagnoses sobre a cronificación da temporalidade sen causa, a abusividade ou a fraude de lei no emprego público temporal "galego", pois estamos ante un problema debidamente coñecido e recoñecido por todos os Órganos de Xestión, así como polas entidades especializadas en xestión de Recursos Humanos no ámbito do emprego público. Por non tomar por referencia as mensaxes persistentes da xudicatoria interna e da Unión sobre este asunto que tratamos.

As promotoras e promotores brindámoslle unha oportunidade ao Parlamento Galego de tomar en consideración unha solución viábel a esta problemática, a través dun **mecanismo compatíbel coa normativa básica estatal que regula o acceso ao emprego público e tamén coa doutrina constitucional consolidada en materia de procesos baseados na excepcionalidade para de responder a situacións**



de auténtica urxencia. Entendemos que a meritada persistencia do TXUE e dos órganos xudiciais internos na recriminación da cronificada e abusiva temporalidade nas administracións do Reino de España, dá conta da situación de excepcionalidade que estamos a vivir, onde a falta de solucións legislativas ou a falta de decisións idóneas na xestión do acceso ao emprego público só contribúe a agravar a problema. Debemos considerar que o que verdadeiramente está en xogo é o respecto estricto do principio de proscripción da discriminación que o artigo 14 CE contén, e que está a ser reiteradamente sacrificado cada día que non se establecen solucións eficientes. Un Sector Público que non respecta o mandato positivo de remoción dos obstáculos á preservación da igualdade material dificilmente se pode considerar un Sector Público democrático.

En condicións ordianarias e de normalidade os únicos mecanismos de acceso ao emprego público con lexitimidade democrática son a oposición ou concurso oposición. Un ou outro segundo as características concretas do acceso que se pretende ordenar. Mais ditos mecanismos, pola gravidade do abuso estrutural que se pretende resolver, non son xa hábiles, ou revélanse como claramente insuficientes. A pedra angular para a resolución da extrema temporalidade debe ser o concurso de méritos.

Isto atendendo a dúas notas de extrema relevancia nas que as promotoras e promotores queremos insistir: debe ser **único e extraordinario, celebrado por unha soa vez, e para o conxunto do Sector Público Galego**. Non se propón incorporar na práctica ordinaria do Sector Público Galego este mecanismo, senón que previo estudo de Estruturalidade do Emprego Público ao servizo das diferentes Administracións e entes/entidades dependentes se oferten a proceso de consolidación as prazas ocupadas en condicións discriminatorias ou de abusividade. Esta proposta trata de evitar dunha banda o acceso a mecanismos de expulsión do emprego público das máis débiles, que xa sufriron longamente tal abuso, da outra evitar a perda de calidade dos servizos públicos, e finalmente evitar que se hipoteque o noso Sector Público acudindo a mecanimos alternativos como a indemnización resarcitoria, que comprometería a viabilidade dos nosos servizos públicos.

Queremos acentuar a relevancia de dous mecanismos que se incorporan nesta proposta:

Dunha banda, a suspensión de todos os procesos selectivos e de provisión de postos ata que este proceso se celebre, posto que a continuidade de mecanismos de acceso/provisión en condicións de fraude ambiental só perpetuarían o problema, ao seguir proveendo dende a lóxica da necesidade inmediata, fuxindo de estratexias de xestión de medio/longo prazo, que son as únicas resolutivas. Unha vez acometido o estudo e consolidado o emprego público temporal en fraude pódese falar abertamente de temporalidade causal, real e determinada. Nas actuais condicións de masiva falta de identificación de necesidades de persoal multiplicaríanse as vinculacións sen causa e perpetuaríanse os actos discriminatorios en sede de provisión. Ademais, situaríamonos ante a indesexábel perda de dereitos, de postos de emprego público, de calidade de servizo e, como manifestamos, ante actos que comprometerían economicamente a viabilidade de

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
23 FEB. 2021
Núm. <u>11611</u>



servizos públicos enteiros, ante a inevitábel resposta xudicial a ditos actos, establecendo indemnizacións resarcitorias a abonar masivamente.

Finalmente, as promotoras propoñemos un diálogo honesto co lexislador sobre o **establecemento dun rexime sancionador eficaz para evitar que esta situación se repita**, para evitar que os Órganos de Xestión de Recursos Humanos poidan causar novos actos de fraude ou abusividade. Debe establecerse un rexime que contemple as infraccións relacionadas con esta materia e deben determinarse as sancións proporcionais asociadas, para dotar de sentido a “declaración de Estado” orzamentaria onde tal responsabilidade efectiva e disuasoria quedou configurada como unha auténtica norma en branco, que por ser competencia lexislábel pode ser completamente dotada de contido no ámbito do Sector Público Autonómico Galego, como un corpus autenticamente disuasorio.

Esta é a nosa contribución a unha restauración dos dereitos do persoal en abuso en Galicia, e a nosa proposta de xestión democrática, dialogada e estruturada do emprego no noso Sector Público, que agardamos sexa benvinda, ante a común consciencia que a Sociedade Civil e o Lexistaldor teñen do alcance e a gravidade do problema.


TERCEIRO.- En virtude da necesidade de relacionar os e as membros da comisión promotora e certificar a súa situación censal, destinaranse a este efecto os último documentos que se anexen. Ditos documentos conteñen tamén a preceptiva “Declaración responsábel” de non estar incurso/as en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade.

Na virtude do exposto;

SOLICITO Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA que teña por presentada esta proposición de INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR SOBRE A CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO, e dándolle o correspondente trámite legal, determine a súa ADMISIÓN A TRÁMITE nos termos do artigo 6 da Lei 7/2015, de 7 de agosto de iniciativa legislativa popular e participación cidadadá no Parlamento de Galicia.

Compostela, 22 de febreiro de 2021.

En nome da Comisión Promotora;



Brais González Pérez

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
23 FEB. 2021
Núm. <u>11611</u>



PROPOSICIÓN DE INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A EXTRAORDINARIA CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO E ADQUISICIÓN DE FIXEZA DO PERSOAL EN FRAUDE AO SERVIZO DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

O sector do emprego público galego caracterizouse nas últimas décadas pola falta de consideración cara os dereitos do persoal ao seu servizo ao tempo que se iniciaba o un proceso de privatización dos seus postos de traballo. Tanto é así, que na Administración xeral galega, e resto de entidades do sector público, os indicadores de temporalidade e, por tanto, de traballo precario sometido a trato discriminatorio disparáronse nas últimas décadas, acadando nalgúns casos cotas do 80% de temporalidade nalgún sector.

II.

Por moito que se produciron diversos cambios normativos de carácter básico estatal (especialmente ET, EBEP ou Estatuto Marco) destinados a remediar a caótica xestión dos recursos públicos, non se chegou a realizar unha trasposición completa da Directiva 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, mecanismo de control da fraude e o uso abusivo da vinculación temporal. Tampouco a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia deu removido os obstáculos que frustan o efecto útil desta norma esencial do Dereito da Unión para a protección do principio de igualdade no mundo do traballo.

As sucesivas resolucións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea esixen un esforzo legislativo para devolver ao espazo parlamentario a procura de solucións que lle poñan fin á discriminación estrutural no ámbito do emprego público.

III.

Esta proposta legislativa popular pretender ser a achega que as traballadoras e traballadores do noso sector público desexa, precisa e merece. En primeiro lugar regúlase o acceso ao emprego público para as empregadas e empregados que padeceron de maneira sistémica a fraude e a discriminación, a través dun mecanismo



excepcional, que será celebrado por unha soa vez en todo o sector público galego, consistente nun concurso de méritos, que garanta a consolidación de emprego como principio esencial e superador da discriminación e masiva temporalidade nas administracións e entidades públicas.

Pola súa vez, a norma establece a suspensión dos procesos selectivos e de provisión de postos de traballo ata a posta en marcha deste proceso de consolidación, así como a prohibición dos ceses do persoal en abuso ou fraude de Lei. Esta suspensión temporal é un mecanismo corrector do abuso que quere garantir a posta en marcha do proceso consolidador, e evitar a perda de postos de emprego.

Finalmente, e de maneira coherente coa excepcionalidade deste proceso impulsado para poñerlle fin definitivamente á temporalidade abusiva no Sector Público Galego, prevese o establecemento de mecanismos sancionadores que proscriban no futuro aos titulares de órganos de xestión de persoal que por falta de sometemento ao Ordenamento Xurídico imperativo provoquen situacións de novas fraudes de Lei.

TÍTULO ÚNICO

Artigo Primeiro.- Obxecto.

A presente lei ten por obxecto a consolidación de emprego, establecendo un marco regulador galego da lexítima expectativa de adquisición de fixeza do persoal obxecto de abuso de temporalidade, a través do desenvolvemento dun proceso único e extraordinario no ámbito do sector público autonómico galego.

1. Serán obxecto do presente proceso o persoal laboral temporal, funcionariado interino e persoal estatutario que leve ocupando un posto con carácter interino á agarda de provisión de vacante que superase os 3 anos no vínculo, conforme ao artigo 70.1 TREBEP, por inacción da administración correspondente.

2. Así mesmo, será obxecto deste proceso o persoal laboral en situación de fraude de lei por transgresión das causas de temporalidade do artigo 15 do TRET, así como aquel persoal que fose declarado indefinido non fixo por sentenza.



3. Serán obxecto deste proceso todas as empregadas e empregados públicos, independentemente da natureza e da duración do seu vínculo, no caso de que este non responda a causa legalmente taxada e se atope, por tanto, en fraude de lei.

4. Serán obxecto deste proceso todas as empregadas e empregados públicos que leven ocupando, a través de vínculos sucesivos e sen solución de continuidade significativa, postos de traballo nos diferentes órganos do Sector Público Autonómico cando, do preceptivo estudo establecido na disposición transitoria primeira, resulte o carácter estrutural, permanente e estable dos tales postos, do que derivará a creación das prazas para a súa concorrència.

Artigo 2. Principios do proceso selectivo.

Este proceso extraordinario e único estará rexido polo pleno sometemento á lei, polos principios de acceso á fixeza con base nos criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, polo principio de eficacia, imparcialidade e axilidade na actuación dos órganos cualificadores e selectores e pola adecuación do vínculo, dos procedementos de selección, dos seus contidos e das súas probas ás funcións que se han desenvolver nas prazas creadas para tal efecto, sendo o sistema selectivo o de concurso de méritos, en virtude da reserva de Lei contida no apartado 6 do artigo 61 do TREBEP .

Artigo 3. Garantía de estabilidade.

1. As administracións do sector público autonómico establecerán, como garantía de estabilidade das empregadas e empregados públicos cuxo vínculo se atope en fraude de Lei, a prohibición expresa de calquera acto administrativo de cesamento á agarda da celebración do proceso selectivo que esta norma establece.

2. Así mesmo, en virtude desta norma, suspéndense a celebración de calquera tipo de proceso selectivo ou de provisión de persoal que afecte ás prazas ocupadas por empregadas e empregados públicos na situación descrita no apartado primeiro deste artigo, entre tanto non se complete o proceso selectivo que esta norma prevé en cada administración.



3. Preservaranse nos procesos de funcionarización toda a estela de dereitos do persoal laboral que acceda a tal condición, especialmente tal transformación do vínculo en ningún caso validará a situacións de fraude de lei, manténdose a expectativa de participación neste proceso en tanto non se celebre e o persoal obxecto de abuso non tivese a plena posibilidade de participar para consolidar o seu posto de traballo.

Artigo 4. Provisión de postos por parte das empregadas e empregados públicos.

1. Garántese o dereito á provisión de postos (mobilidade, promoción profesional...) do persoal en fraude de lei en condicións de absoluta igualdade co persoal con vínculo de carácter fixo, coa razón de evitar calquera caste de situación discriminatoria inxustificada.

2. A Administración Autonómica Galega, no prazo dun mes dende a publicación desta norma, convocará os diversos instrumentos de negociación colectiva para propoñer a introdución de mecanismos correctores para o cumprimento desta lei, co obxecto de evitar que mentres dure tal relación patolóxica, se provoque o seu cesamento ilícito a través de mecanismos convencionais ou de regulación estatutaria preexistentes.

Artigo 5. Responsabilidade dos titulares dos órganos administrativos.

Unha vez celebrado este proceso único e extraordinario, estableceranse mecanismos concretos de responsabilidade administrativa e disciplinaria dos titulares dos órganos competetes en materia de persoal das Administracións Públicas e das entidades que conformen o Sector Público Instrumental, a través da incorporación dos correspondentes tipos sancionadores que persigan a xeración de novas situacións de abuso e fraude de lei en materia de vínculos laborais, estatutarios ou administrativos.

Disposición Transitoria Única.

Con carácter previo a estes procesos, e no prazo de tres meses dende a publicación desta norma, a administración pública galega deberá facer público un estudo preceptivo sobre as necesidades de persoal en cada un dos órganos do Sector Público Autonómico, con expresa participación das representacións legais,



determinando a creación daquelas prazas de carácter estrutural que estiveron sendo ocupadas de maneira sucesiva por máis de dous nomeamentos de carácter temporal para a prestación dos mesmos servizos nun período de 12 meses ou máis no prazo de 2 anos; así como aquelas que viñeron ocupadas polo persoal descrito nos apartados 1 a 4 do artigo primeiro desta norma.



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-08-013-21
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
DATA DE APERTURA	16/06/2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-08-013-21

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por importe de cento trinta e seis mil catrocentos doce euros con vinteseite euros (136.412,27 €) no vixente orzamento de gastos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resultantes dos remanentes dos créditos que figuraron en 2020 financiados con cargo a transferencias finalistas do Estado. A incorporación finánciase con remanentes de tesourería afectados.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	13	08.02.541D.760.1	2018 00076	3011	136.412,27

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Instrución para a incorporación automática dos remanentes de crédito para o exercicio 2021.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).



1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 23 de decembro de 2020, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.

A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído.

En relación co anterior, a 31.12.2020, na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda figuraron remanentes de crédito correspondentes a finalistas do Estado por importe de 352.416,27 €, de acordo co seguinte detalle:

- *Liña 00442 – Pima residuos*
 - o 2018 00076 “Implementación Plan Estatal prevención de residuos e do Pemar”: 167.688,23 €
 - o 2015 00713 “Proxecto piloto fomento compostaxe doméstica e comunitaria”: 463.782,20 €
 - o Total incorporable: 631.470,43 €

O 3.05.2021 contabilizouse a incorporación de 463.782,20 € no proxecto 2015 00713, e unha incorporación de 31.847,30 € no proxecto 2018 00076.

No proxecto 2018 00076 non se incorporou todo o crédito incorporable por un erro no cálculo do remanente de tesouraría debido a que a liña de actuación que se tivo en conta non era a correcta. Polo tanto, procede incorporar o resto que quedou pendente, toda vez que o proxecto xa figura na liña de actuación correcta.



Así, faise a incorporación pola diferenza entre o crédito incorporable (167.688,23 €), e o incorporado (31.847.30 €), do que resulta un importe de 136.412,27 €.

Unha vez comprobada a recepción dos correspondentes ingresos, que figuran como remanente de tesourería afectado procede a incorporación dos remanentes ao orzamento de gastos da consellería.

Dita modificación, non consolidable para exercicios futuros, permitirá dar cumprimento aos obxectivos programados.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto nos artigos 66.e) e h) e 71.2 do texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia, Instrución da Consellería de Facenda, do 23 de decembro de 2020, artigos 15 e 16 da Orde da Consellería de Facenda do 1 de agosto de 2019, pola que se regula os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas do sector público autonómico, esta dirección xeral, somete para a súa aprobación o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-INCORPORACION DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-12.80-003-21
ENTIDADE / ORGANISMO	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
DATA DE APERTURA	23.06.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-12.80-003-21

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por importe de noventa e catro mil vinte e catro euros con nove céntimos (94.024,09 €) financiados con outras transferencias finalistas que non acadaron a fase de recoñecemento da obriga, correspondentes á liña de actuación "00476-Investigación aportación fundacións I.S.

EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.1.3. Empregos

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
103	50	1501.561C.131.00	2015 00006	3211	28.069,43
103	50	1571.561C.131.00	2015 00006	3211	24.204,51
103	50	2701.561C.131.00	2015 00006	3211	3.218,77
103	50	3201.561C.131.00	2015 00006	3211	22.523,82
103	50	3601.561C.131.00	2015 00006	3211	16.007,56
			TOTAL		94.024,09

1.1.4. Fundamento normativo

Artigo 66.e) e 71.1.d) e 3. do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



Instrución para a incorporación automática dos remanentes de crédito para o exercicio 2021

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.2. INFORME

1.2.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 23 de decembro de 2020, a Consellería de Facenda e Administración Pública ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.

A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído no 2020 ou nun exercicio anterior.

O artigo 71.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece a posibilidade de incorporar créditos financiados con fondos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas en tanto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

En relación co anterior no SERGAS figuraron a 31 de decembro do 2020, remanentes de crédito correspondentes a outras transferencias finalistas do Estado, modalidade 3210, por un importe de 94.024,09 €.



Polo exposto, esta dirección xeral, ao abeiro do disposto no artigo 71. 1. d) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, somete para a súa autorizacións as modificacións de crédito nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-INCORPORACION DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-14.A2-007-21
ENTIDADE / ORGANISMO	409. AGACAL
ÓRGANO XESTOR	409. AGACAL
DATA DE APERTURA	29/06/2020

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-14.A2-007-21

1.1.2. Descrición operación

INCORPORACIÓN DE CREDITO por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €) ao orzamento 2021 da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), correspondentes aos remanentes dos créditos que figuraron no 2020, financiados con outras transferencias finalistas do Estado. A incorporación finánciase con remanentes de tesourería afectados.

1.1.3. Empregos

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
409	10	14.A2.561A.131.00	2014 00026	3211	63.540,00 €
409	10	14.A2.561A.160.00	2014 00026	3211	35.173,45 €
409	10	14.A2.561A.640.6	2014 00026	3211	101.286,55 €
TOTAL LIÑA 00317-Convenio con Inditex en materia forestal					200.000,00 €

1.1.4. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Instrución para a incorporación automática dos remanentes de crédito para o exercicio 2021.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).



1.2. INFORME

1.2.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 23 de decembro de 2020, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.

A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído.

En relación co anterior, na axencia figuraron a 31.12.2020, remanentes de crédito correspondentes a outras transferencias finalistas do Estado de acordo co detalle da primeira páxina.

Unha vez comprobada a recepción dos correspondentes ingresos, que figuran como remanente de tesourería afectado, procede a incorporación dos remanentes ao orzamento de gastos do AGACAL.

Ditas modificacións, non consolidables para exercicios futuros, permitirán dar cumprimento aos obxectivos programados.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto nos artigos 66.e) e h) e 71.2 do texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia, Instrución da Consellería de Facenda, do 23 de decembro de 2020, artigos 15 e 16 da Orde da Consellería de Facenda do 1 de agosto de 2019, pola que se regula os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas do sector público autonómico, esta dirección xeral, somete para a súa aprobación o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.



SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-MOVEMENTO INTERPROXECTOS
REFERENCIA	PX-14-016-21 - PX-14.A2-002-21
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - AGACAL
ÓRGANO XESTOR	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - AGACAL
DATA DE APERTURA	28.06.2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

PX-14-016-21
PX-14.A2-002-21

1.1.2. Descrición operación

Reaxuste de proxectos para adecuar a orzamentación actual do REACT-UE á programación aprobada do fondo. Separación dos importes orzamentados en dous proxectos correspondentes aos dous campos de intervención nos que definitivamente se divide o obxectivo específico 20.15-Apioar investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns.

O movemento entre proxectos afecta ao gasto na Axencia AGACAL e a transferencia interna da DX de Gandaría, Agricultura e Industrias agroalimentarias.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	01	14.04.561A.732.10	2021 00141	4190	S	800.000,00	
409	01	14.A2.561A.640.1	2021 00004	4190	S	800.000,00	



1.2.2. Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	IMPORTE CONSOLIDABLE
001	01	14.04.561A.732.10	2021 00085	4190	S	800.000,00	
409	01	14.A2.561A.640.1	2021 00002	4190	S	800.000,00	

1.2.3. Fundamento normativo

Disposición adicional décimo sexta da Lei de Orzamentos da CC.AA. para 2021

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

No orzamento inicial do exercicio 2021 orzamentouse a totalidade do obxectivo específico 20.15-Apoiar investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns, nun único proxecto contable, tanto na transferencia interna da Xunta como no AGACAL. Unha vez elaborado o programa operativo REACT-UE, para este obxectivo específico do AGACAL se definiron dous campos de intervención diferentes:

- CE050- Infraestruturas educativas para a educación e formación profesional e o aprendizaxe de adultos
- CE013- Renovación das infraestruturas públicas co obxecto da eficiencia enerxética, proxectos de demostración e medidas de apoio.

Ao obxecto de adecuara orzamentación a esta estrutura, modificarase a codificación dos proxectos existentes para asignalos ao campo de intervención 050 e crearanse dous proxectos, en Xunta e AGACAL para o campo de intervención 013, ao mesmo tempo que se transfiren as cantidades asignada no programa operativo para cada un deles.

A Disposición adicional décimo sexta da Lei de Orzamentos da CC.AA. para 2021 habilita á Consellería de Facenda e AAPP para efectuar as modificacións precisas para adecuar o orzamento ás actuacións que finalmente se recollan no programa operativo.



A modificación de crédito non ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.

Polo exposto, e de acordo co disposto Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro) , sométese para a súa autorización nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O Conselleiro de Facenda P.D.: 10/02/2015
MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-TRANSFERENCIA TITULAR DE FACENDA
REFERENCIA	AD-BC – ADAPTACIÓN DOS FONDOS REACT-FSE Á PROGRAMACIÓN
ENTIDADE / ORGANISMO	XUNTA DE GALICIA
ÓRGANO XESTOR	DX DE INCLUSIÓN SOCIAL
DATA DE APERTURA	10/06/2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AD-00-002-21

BC-00-002-21

1.1.2. Descrición operación

Adscrición de crédito, por un importe de catro millóns cincocentos dezasete mil catrocentos sesenta euros con sesenta e sete céntimos (4.517.460,67 €) no orzamento de gastos da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, con baixa de crédito na Dirección Xeral de Relacións Laborais e na Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, como consecuencia da reprogramación do Programa Operativo FSE REACT-UE.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	1	13.03.312C.460.0	2021.00133	4390	48.795,00
001	1	13.03.313C.460.1	2021.00133	4390	210.000,00
001	1	13.03.313C.460.2	2021.00133	4390	1.123.808,49
001	1	13.03.313C.442.07	2021.00135	4390	2.829.489,00
001	1	13.03.313C.120.25	2021.00134	4390	233.640,52
001	1	13.03.313C.160.25	2021.00134	4390	71.727,66
TOTAL.....					4.517.460,67

1.2.2 Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	1	11.03.324A. 480.0	2021.00066	4390	2.000.000,00
001	1	11.03.324A. 480.0	2021.00073	4390	1.000.000,00
001	1	11.05.323B.471.0	2021.00059	4390	1.517.460,67
TOTAL.....					4.517.460,67



1.2.2. Fundamento normativo

Disposición adicional décimo sexta da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Disposición adicional décimo sexta. *Habilitación para efectuar modificacións orzamentarias* da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 establece:

Autorízase a Consellería de Facenda e Administración Pública para:

orxamentarias 13.04.312D.120.25 e 13.04.312D.160.25 a razón de 1.550.120,06€ e 465.032,10€ respectivamente coa finalidade de ampliar e darlle continuidade ao Plan especial de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade 2021-2022.

4.32.2. Partidas orxamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.04..312D.12025	Persoal interino. Execución de programas extraordinarios de	2021.00128	4390	S	1.550.120,06	0,00
001	21	13.04..312D.16025	Seguridade Social . Execución de programas extraordinarios de	2021.00128	4390	S	465.032,10	0,00

4.33. EXPEDIENTE XC-13-007-21

(Código exp. CODEX XC-2021-215-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. (001.13.02)

4.33.1. Descrición

Xeración de crédito polo ingreso de 13.794,88 € (172,50+141,23+1+13.481,15) realizado pola compañía de seguros MAPFRE en concepto de indemnización polos sinistros producidos nos Centros de Menores de Ferrol e San José de Calasanz da Coruña.

4.33.2. Partidas orxamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.02..312B.212	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	2012.00836	1010	N	13.794,88	0,00

4.34. EXPEDIENTE XC-14-005-21

(Código exp. CODEX XC-2021-219-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

4.34.1. Descrición

Xeración de crédito no capítulo IV, do programa de gasto 712B (Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias) e no capítulo II do programa de gasto 711A (Dirección e servizos xerais do medio rural), por un importe total de setenta e tres mil trescentos cincuenta e oito euros con dezaioito céntimos (73.358,18 €).

O importe corresponde aos ingresos efectuados na conta do Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da venda de inmobles pertencentes ás antigas cámaras agrarias locais.

4.34.2. Partidas orxamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.01..711A.22700	LIMPEZA E ASEO	2015.00605	1010	N	10.190,84	0,00
001	16	14.04..712B.4700	ACCIONES E INFORMACIÓN MEDIDAS ESTRUCTURAIAS	2015.00691	1010	N	63.167,34	0,00

4.35. EXPEDIENTE XC-14-006-21

(Código exp. CODEX XC-2021-221-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)

4.35.1. Descrición



Xeración de crédito por un importe total de 1.985 €, no programa 713C, para financiar a ordenación e o fomento da mellora gandeira e a conservación da biodiversidade das razas autóctonas.

4.35.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..713C.7811	NOVAS TÉCNICAS DE DIAGNOSTICO E REPRODUCTIVAS	2013.00632	3010	N	1.985,00	0,00

4.36. EXPEDIENTE XC-14-007-21

(Código exp. CODEX XC-2021-221-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)

4.36.1. Descrición

Xeración de crédito por un importe total de 23.720 €, no programa 713C, para financiar a calidade das variedades vexetais e a certificación dos materiais de reprodución.

4.36.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..713C.6401	RECUPERACIÓN E DIFUSIÓN DE CASTES AUTÓCTONAS	2018.00059	3010	N	23.720,00	0,00

4.37. EXPEDIENTE XC-14-008-21

(Código exp. CODEX XC-2021-221-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)

4.37.1. Descrición

Xeración de crédito no programa 713E "BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL", no capítulo VII, por importe total de 426.846,57€ como consecuencia dos créditos aprobados na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 20 de maio do 2021 para o fomento da apicultura.

4.37.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..713E.7702	PLAN APÍCOLA GALEGO	2009.00688	3020	S	142.279,62	0,00
001	16	14.04..713E.7702	PLAN APÍCOLA GALEGO	2009.00688	4250	S	284.566,95	0,00

4.38. EXPEDIENTE XC-14-009-21

(Código exp. CODEX XC-2021-298-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Defensa do Monte. (001.14.02)

4.38.1. Descrición

Xeración de crédito no capítulo VI do programa de gasto 551B "Accións preventivas e infraestrutura forestal" por importe de 1.488.825,00 € do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

O obxecto desta modificación orzamentaria consiste nunha xeración de fondos Feder nas aplicacións orzamentarias indicadas a continuación, a través da creación dun proxecto novo 2021 NOVO "Interreg 0760_INTERLUMES_6_E":



- 14.02.551B.600.3 Expropiación en materia de incendios
- 14.02.551B.622.1 Construcións para a prevención de incendios
- 14.02.551B.626.1 Equipos procesos de información
- 14.02.551B.640.1 Estudos e traballos técnicos

Esta xeración tramítase como consecuencia da participación da Dirección Xeral de Defensa do Monte no proxecto 0760_INTERLUMES_6_E, que está cofinanciado con fondos Feder a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, con cargo ao Eixo 3: “Crecemento sostible a través dunha cooperación transfronteiriza pola prevención de riscos e a mellora da xestión dos recursos naturais”.

O cofinanciamento con fondos propios lévase a cabo coa tramitación simultánea do movemento interproxectos coa referencia en Codex: PX-2021-298-00100001.

4.38.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.02..551B.6003	Expropiación en materia de incendios	2021.00136	5410	S	300.000,00	0,00
001	16	14.02..551B.6221	Construcións para a prevención de incendios	2021.00136	5410	S	1.125.000,00	0,00
001	16	14.02..551B.6261	Equipos para procesos de información	2021.00136	5410	S	37.500,00	0,00
001	16	14.02..551B.6401	Estudos e traballos técnicos	2021.00136	5410	S	26.325,00	0,00



5. AMPLIACIÓN

5.1. EXPEDIENTE AM-06.A2-001-21

(Código exp. CODEX AM-2021-4-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	GAIN (304)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

5.1.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 18.488,96€ en conceptos orzamentarios do capítulo I do programa 561A do estado de gastos da Axencia Galega de Innovación como consecuencia da aprobación dunha prórroga no proxecto Impact Ris 3T para o exercicio 2021, por parte da Secretaría Conxunta do Programa Interreg V-A España- Portugal (POCTEP) 2014-2020.

5.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	06.A2..561A.13100	Retribucións básicas	2017.00007	5410	S	13.901,48	0,00
304	10	06.A2..561A.16000	Seguridade Social	2017.00007	5410	S	4.587,48	0,00

5.2. EXPEDIENTE AM-06.A2-002-21

(Código exp. CODEX AM-2021-4-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	GAIN (304)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

5.2.1. Descrición

AMPLIACIÓN de crédito por importe de 79.084,50€ en conceptos orzamentarios do capítulo VI do programa 561A do estado de gastos da Axencia Galega de Innovación para dotar de crédito suficiente o proxecto Maingap encadrado no Programa Interreg V-A España- Portugal (POCTEP) 2014-2020.

5.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	06.A2..561A.6231	Maquinaria, instalacións e utensilios	2020.00004	5410	S	51.750,00	0,00
304	10	06.A2..561A.6401	Proxectos europeos	2020.00004	5410	S	27.334,50	0,00

5.3. EXPEDIENTE AM-06.A3-001-21

(Código exp. CODEX AM-2021-11-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	INEGA (407)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

5.3.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €), nos capítulos I, VI e VII do programa 733A "Eficiencia enerxética e enerxías renovables", do ozamento de gastos do Instituto Enerxético de Galicia, con cargo ás transferencias finalistas do Estado procedentes dos programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (Programa MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.

5.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	06.A3..733A.12025	Personal interino - Execución de programas extraordinarios de	2021.00007	4620	S	54.908,25	0,00
407	10	06.A3..733A.16025	Seguridade Social - Execución de programas extraordinarios de	2021.00007	4620	S	16.407,07	0,00



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	06.A3..733A.64091	Outro inmovilizado inmaterial	2021.00008	4620	S	10.890,00	0,00
407	10	06.A3..733A.7031	Axudas Programa MOVES	2021.00008	4620	S	200.000,00	0,00
407	10	06.A3..733A.7301	Axudas Programa MOVES	2021.00008	4620	S	200.000,00	0,00
407	10	06.A3..733A.7442	Axudas Programa MOVES	2021.00008	4620	S	200.000,00	0,00
407	10	06.A3..733A.7621	Axudas Programa MOVES	2021.00008	4620	S	200.000,00	0,00
407	10	06.A3..733A.7721	Axudas Programa MOVES	2021.00008	4620	S	900.000,00	0,00
407	10	06.A3..733A.7821	Axudas Programa MOVES	2021.00008	4620	S	1.217.794,68	0,00

5.4. EXPEDIENTE AM-07-003-21

(Código exp. CODEX AM-2021-189-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Facenda e Administración Pública (001.07)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Planificación e Orzamentos (001.07.03)

5.4.1. Descrición

O obxecto da modificación é ampliar crédito na aplicación orzamentaria 21.01.811B.460.2 "transferencias a entidades locais" por importe de 449.179,02 € para poder satisfacer o importe da liquidación do Fondo de Cooperación Local do ano 2019.

5.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	21.01..811B.4602	FCL.LIQUIDACIÓN EJERCICIOS ANTERIORES	2015.00619	1011	N	449.179,02	0,00

5.5. EXPEDIENTE AM-07.81-001-21

(Código exp. CODEX AM-2021-52-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

5.5.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de trinta e un mil cincocentos setenta e tres euros con oitenta céntimos (31.573,80€), no orzamento de gastos da Escola Galega da Administración Pública (EGAP) como consecuencia da xeración de crédito polo mesmo importe na aplicación 07.01.122B. 43000, correspondente á transferencia de financiamento á EGAP.

A finalidade é adaptar o orzamento de gasto ó maior importe transferido de fondo finalista, realizada polo Estado para a formación dos empregados da Administración Pública.

5.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.22617	Cursos de formación	2014.00001	3010	N	31.573,80	0,00

5.6. EXPEDIENTE AM-11.81-001-21

(Código exp. CODEX AM-2021-57-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	ISSGA (110)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

5.6.1. Descrición

Ampliación de crédito no programa 324A por importe de 60.000,00 euros co obxecto de desenvolver actuacións de difusión en prevención de riscos laborais.



5.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
110	10	11.81..324A.6400	PROMOCIÓN E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: GASTOS EN INVESTIMENTOS	2015.00002	1010	N	60.000,00	0,00

5.7. EXPEDIENTE AM-12.A1-003-21

(Código exp. CODEX AM-2021-127-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	ACIS (308)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

5.7.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO, no capítulo 2, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para o ano 2021 por un importe total de 40.000 € procedentes dunha xeración de crédito do Servizo Galego de Saúde (referencia: XC-2021-59-00100031) consecuencia da distribución efectuada entre as Comunidades Autónomas polo Consello de Ministros de data 15/12/2020, para o financiamento de programas de políticas de cohesión sanitaria, de formación continuada no uso racional de medicamentos.

5.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
308	10	12.A1..411A.22617	Cursos de formación	2018.00001	3013	N	40.000,00	0,00

5.8. EXPEDIENTE AM-12.A1-004-21

(Código exp. CODEX AM-2021-127-00100007)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	ACIS (308)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

5.8.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO, no capítulo 2, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para o ano 2021 por un importe total de 50.000 € procedentes dunha transferencia de crédito do Servizo Galego de Saúde (referencia: TR-2021-59-00100017) para financiar a encomenda da xestión económica das actividades de formación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

5.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
308	10	12.A1..411A.22617	Cursos de formación	2020.00001	1010	N	50.000,00	0,00



6. AUTORIZACIÓN CONSELLEIRO

6.1. EXPEDIENTE TR-08-019-21

(Código exp. CODEX TR-2021-194-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X Patrimonio Natural (001.08.03)

6.1.1. Descrición

Transferencia de crédito no capítulo II do programa 541B, dende o concepto 204, por importe de setena e cinco mil euros (75.000€) ao concepto 220.00 do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para cubrir o déficit orzamentario derivado das necesidades de fondos para a realización dos servizos e subministracións necesarios para o desenvolvemento dos obxectivos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Neste exercicio 2021 houbo un incremento significativo dos gastos en servizos e subministracións para as instalacións e centros da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Como consecuencia disto, a asignación orzamentaria para este concepto (220.00) resultou insuficiente para atender as necesidades para o correcto funcionamento desta dirección xeral.

Ó tempo, no orzamento do capítulo II desta dirección xeral, existe un superávit orzamentario no concepto 204 "Aluguer de material de transporte", motivado polas baixas nas ofertas de contratacións tramitadas por esta unidade, coa conseguinte mengua dos gastos correspondentes a este artigo.

6.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	08.03..541B.22000	Material de oficina	2015.00226	1010	N	75.000,00	0,00

6.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	08.03..541B.204	Material de transporte	2015.00226	1010	N	75.000,00	0,00

6.2. EXPEDIENTE TR-11-025-21

(Código exp. CODEX TR-2021-311-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Emprego e Igualdade (001.11)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.11.01)

6.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 32.000 € dende o artigo 21 ao artigo 22 do programa 321A da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Emprego e Igualdade para afrontar diversos gastos necesarios para o normal funcionamento operativo desta Consellería como consecuencia da súa reestructuración orgánica.

6.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.01..321A.22699	Outras subministracións	2015.00533	1010	M	32.000,00	0,00

6.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.01..321A.213	Reparacións, mantemento e conservación	2015.00533	1010	N	32.000,00	0,00



6.3. EXPEDIENTE TR-12.80-018-21

(Código exp. CODEX TR-2021-59-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

6.3.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO entre conceptos do capítulo II, programa 412A, do estado do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, por importe de 43.982,51 €, con destino á alugamentos e canons. Esta transferencia ten como finalidade axustar o crédito ás necesidades reais de gasto, en función da natureza económica no centro de xestión do Sergas 1571-Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

6.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.71..412A.203	Maquinaria, instalacións e utensilios	2014.00042	1010	N	11.358,27	0,00
103	50	15.71..412A.204	Material de transporte	2020.00014	1013	N	2.410,32	0,00
103	50	15.71..412A.205	Mobiliario e utensilios	2020.00014	1013	N	2.625,92	0,00
103	50	15.71..412A.206	Equipamentos procesos de información	2014.00042	1010	N	27.588,00	0,00

6.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.71..412A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2020.00014	1013	N	5.036,24	0,00
103	50	15.71..412A.22121	Material de medicina nuclear	2014.00042	1010	N	38.946,27	0,00

6.4. EXPEDIENTE TR-13-025-21

(Código exp. CODEX TR-2021-214-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.13.01)

6.4.1. Descrición

Transferencia de crédito entre conceptos do estado de gastos do orzamento do capítulo 2 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, polo importe de 11.200,00 €, coa finalidade de poder atender o incremento do gasto en indemnizacións por razón do servizo como consecuencia da necesidade de prestar unha adecuada atención aos usuarios dos centros competencia da mesma durante a situación sociosanitaria xerada a raíz da pandemia COVID-19

6.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.01..311A.231	Indemnizacións por razóns do servizo. Locomoción	2020.00082	1013	N	11.200,00	0,00

6.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.01..311A.22199	Material, Subministracións e outros. Outras subministracións	2020.00082	1013	N	11.200,00	0,00



7. ACORDO DO CONSELLO

7.1. EXPEDIENTE TR-15-016-21

(Código exp. CODEX TR-2021-225-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Mar (001.15)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Desenvolvemento Pesqueiro. (001.15.03)

7.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de trescentos doce mil euros (312.000,00 €) á aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, proxecto contable 2016 00293 " Xestión e Conservación de Recursos Biolóxicos Mariños", para ampliar o crédito da Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sostibles, tramitada como anticipado de gasto. (código de procedemento PE209B).

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.03..723A.7701	AXUDAS A XESTION INTEGRAL RECURSOS BIOLÓXICOS MARIÑOS	2016.00293	1020	S	78.000,00	0,00
001	19	15.03..723A.7701	AXUDAS A XESTION INTEGRAL RECURSOS BIOLÓXICOS MARIÑOS	2016.00293	4430	S	234.000,00	0,00

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	19	15.03..514A.7810	AXUDAS PARA EQUIP. PESQ. EQUIPOS PARA AUTORIDADE PORTUARIA	2016.00257	1020	S	78.000,00	0,00
001	19	15.03..514A.7810	AXUDAS PARA EQUIP. PESQ. EQUIPOS PARA AUTORIDADE PORTUARIA	2016.00257	4430	S	234.000,00	0,00



8. BAIXA

8.1. EXPEDIENTE BC-06.A3-005-21

(Código exp. CODEX BC-2021-11-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERIA	INEGA (407)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

8.1.1. Descrición

Baixa de crédito, por importe de corenta mil euros (40.000,00 €), no subconcepto 770.0 do programa 733A do orzamento de gastos do Instituto Enerxético de Galicia, para transferir á Secretaría Xeral para o Deporte, co obxecto de subscribir un convenio co Concello de Leiro para desenvolver unha actuación de reforma da iluminación do Campo de Fútbol Municipal de San Bartolomeu.

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	06.A3..733A.7700	Axudas de aforro e eficiencia enerxética	2016.00002	1010	N	40.000,00	0,00

8.2. EXPEDIENTE BC-09.A1-001-21

(Código exp. CODEX BC-2021-3-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGI (302)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

8.2.1. Descrición

Baixa de crédito por importe de 155.719,16 € no capítulo VI da Axencia galega de Infraestruturas para transferir crédito á Dirección Xeral de Mobilidade ós efectos de ampliar o crédito existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi ECO, e se convocan para o exercicio 2021.

8.2.2. Partidas orzamentarias de destino

8.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
302	10	09.A1..512B.6004	OBRA NOVA POR CONCESIÓN	2010.01245	1010	N	155.719,16	0,00

8.3. EXPEDIENTE BC-10.A1-001-21

(Código exp. CODEX BC-2021-2-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGADIC (301)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

8.3.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO por importe de 180.000,00€ na aplicación 10.A1.432B.770.0 do proxecto 2010_00005 da



Agadic coa finalidade de transferilo á Fundación Cidade da Cultura de Galicia para o financiamento de diversas actividades da súa competencia.

8.3.2. Partidas orzamentarias de destino

8.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
301	10	10.A1..432B.7700	Tfcias. de capital a empresas priv.	2010.00005	1010	N	180.000,00	0,00

8.4. EXPEDIENTE BC-12-002-21

(Código exp. CODEX BC-2021-211-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

8.4.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo 7, programa 411A, proxecto 2015 00447 "Fondos Feder 2014-2020", do orzamento de gastos da Consellería de Sanidade, por importe de 1.012.587,34 €.

8.4.2. Partidas orzamentarias de destino

8.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.73007	Fondos Feder 2014-2020	2015.00447	4131	S	1.012.587,34	0,00

8.5. EXPEDIENTE BC-23-003-21

(Código exp. CODEX BC-2021-230-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Planificación e Orzamentos. (001.23.02)

8.5.1. Descrición

Baixa de crédito, no programa 621B "imprevistos e funcións non clasificadas", por un importe catrocentos corenta e nove mil cento setenta e nove euros con dous céntimos (449.179,02 €), como consecuencia da ampliación de crédito na sección 21 "transferencias a corporacións locais", polo mesmo importe, e que se tramita en Codex de xeito simultáneo co código de expediente AM-2021-189-00100001.

8.5.2. Partidas orzamentarias de destino

8.5.3. Partidas orzamentarias de orixe





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1011		449.179,02	0,00



9. INCORPORACIÓN DE REMANENTES

9.1. EXPEDIENTE IC-08-012-21

(Código exp. CODEX IC-2021-193-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climatico (001.08.02)

9.1.1. Descrición

Solicitud de incorporación de saldos de crédito do exercicio 2018 na aplicación 08.02.541E.640.1, proxecto 2018 00109 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático por importe de mil corenta e dous euros con sesenta e oito céntimos (1.042,68 €) correspondente ao proxecto MYCOAST EAPA_285 / 2016 aprobado con data 18.07.2018 financiado no 75 % con fondos europeos da modalidade 5440 Espacio atlántico, con cofinanciación por parte da Comunidade Autónoma do 25 %.

Esta operación forma parte dun grupo de expedientes que consta de tres operacións:

- 1.- Unha xeración de crédito con código XC-2021-193-00100003
- 2.- Esta incorporación de fondos da modalidade 5440 que quedou sen incorporar dos orzamento do 2018 con código IC-2021-193-00100002
- 3.- Un movemento entre proxectos para aportar os fondos propios para cofinanciar a xeración de crédito e a incorporación de crédito antes citadas, con código PX-2021-193-00100001

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	08.02..541E.6401	EAPA_285_216_MYCOAST	2018.00109	5441	S	1.042,68	0,00



10. IMPREVISTOS

10.1. EXPEDIENTE TR-23-008-21

(Código exp. CODEX TR-2021-232-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	D. X. da Función Pública. (001.23.04)

10.1.1. Descrición

Transferencia de crédito, por un importe de trescentos mil euros (300.000 €) dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas,621B, ao capítulo 2, gastos tribunais oposición,da sección 23 "Gastos diversas Consellerías " do servizo 04 "Dirección Xeral de Función Pública" , co fin de financiar os procesos selectivos que está a desenvolver a citada dirección xeral .

10.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.04..124A.22613	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN E DE PROBAS	2015.00187	1013	N	300.000,00	0,00

10.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1011	N	300.000,00	0,00

10.2. EXPEDIENTE TR-23-009-21

(Código exp. CODEX TR-2021-183-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Emerxencias e Interior. (001.05.25)

10.2.1. Descrición

Transferencia de crédito dende o programa de gasto 23.02.621B."Imprevistos e funcións non clasificadas" á partida orzamentaria da dirección xeral de Emerxencias e Interior 05.25.212A.470.0 "Subvencións Plan de rescate dos establecementos de lecer nocturno da CC.AA de Galicia", por importe de catro millóns de euros (4.000.000€).

10.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.25..741E.4700	Subvencións para sufragar axudas ocio nocturno	2020.00107	1013	N	4.000.000,00	0,00

10.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.6510	Imprevistos e funcións non clasificadas	2021.00094	1013	N	4.000.000,00	0,00

10.3. EXPEDIENTE TR-23-010-21

(Código exp. CODEX TR-2021-202-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Emprego e Igualdade (001.11)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social (001.11.04)

10.3.1. Descrición

Transferencia dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas 621B por importe de 917.619 € con destino ao capítulo 4 do programa 322C da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social



para aportar parte da cofinanciación do 20 %, con fondo propio da comunidade, do orzamento da axuda á promoción do emprego autónomo que será financiada nun 80% con FSE.

10.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.04..322C.4720	Transferencias correntes	2015.00564	1020	S	917.619,00	0,00

10.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	OUTROS IMPREVISTOS	2011.00912	1011	N	917.619,00	0,00



11. TRANSFERENCIA

11.1. EXPEDIENTE TR-00-009-21

(Código exp. CODEX TR-2021-176-00600003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral para o Deporte. (001.04.40)

11.1.1. Descrición

Transferencia de crédito entre seccións, desde os capítulos II e IV do programa 313D, correspondente á Secretaría Xeral de Igualdade, da Consellería de Emprego e Igualdade, aos capítulos IV e VI do programa 441A, da Secretaría Xeral para o Deporte da Presidencia da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no acordo de colaboración asinado entre os mencionados centros directivos con data 19/05/2021, para desenvolver medidas previstas no pacto de Estado contra a violencia de xénero.

11.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.44300	Fundación Deporte Galego	2018.00112	3010	N	445.000,00	0,00
001	27	04.40..441A.6400	Programa de dinamización deportiva	2018.00112	3010	N	55.000,00	0,00

11.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.02..313D.22799	Outros traballos realizados por outras empresas	2018.00112	3010	N	100.000,00	0,00
001	24	11.02..313D.4802	Actuacións integrais para vítimas de violencia de xénero	2018.00112	3010	N	100.000,00	0,00
001	24	11.02..313D.4812	Programas de apoio a vítimas de violencia de xénero	2018.00112	3010	N	300.000,00	0,00

11.2. EXPEDIENTE TR-00-010-21

(Código exp. CODEX TR-2021-176-00600002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral para o Deporte. (001.04.40)

11.2.1. Descrición

Transferencia de crédito entre seccións, desde o capítulo VII do programa 733A, correspondente á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ao capítulo VII do programa 441A, da Secretaría Xeral para o Deporte, ao abeiro do disposto no acordo interadministrativo de cooperación de data 26 de abril de 2021, para levar a cabo a reforma da iluminación do campo de fútbol municipal de Leiro.

11.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.7600	Infraestrutura deportiva	2013.00039	1010	N	40.000,00	0,00

11.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	06.02..733A.73206	Transferencias de capital ao INEGA	2015.00290	1010	N	40.000,00	0,00



12. SUPLEMENTO DE CRÉDITO/BAIXA

12.1. EXPEDIENTE SC-12.80-001-21

(Código exp. CODEX SC-2021-59-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

12.1.1. Descrición

SUPLEMENTO DE CRÉDITO, no capítulo 4, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2021, con destino a sociedades mercantís, por importe de 2.336.433,00 €. Tramítase esta modificación coa finalidade de dotar o crédito necesario para financiar encomendas a Galaria, empresa pública de servizos sanitarios S.A, consistentes na realización de actividades en relación coa pandemia ocasionada polo coronavirus COVID-19.

12.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.44115	Galaria, empresa pbca de servizos sanitarios, SA	2020.00014	3011	N	2.336.433,00	0,00

12.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.500	Fondo de continxencia	2020.00014	3011	N	2.336.433,00	0,00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para solucionar os vertidos ao río Asneiro procedente da depuradora de Botos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana detectouse un vertido no río Asneiro, era visíbel unha espesa capa de espuma branca apreciábel en todo o caudal do río. A espuma está a percorrer unha longa distancia e non só chegou ao río Deza, senón que augas abaixo chegou ao Ulla e á súa desembocadura na ría de Arousa.

Segundo a información publicada nos medios de comunicación a espuma ten a súa orixe na depuradora de Botos. Pasada unha semana desde a primeira voz de alarma sobre este vertido, o mesmo continúa e segue depositándose nas veiras do río, sen que se teña información das medidas tomadas.

O BNG considera necesario que se esclareza o sucedido, que se investigue a orixe, que ocasionou esta espuma, a repercusión sobre o conxunto do ecosistema do río, se depuren responsabilidades e que se informe sobre as medidas que se están tomando.

Este vertido ven a poñer en evidencia as deficiencias desta depuradora, que non responde ás necesidades das empresas instaladas neste polígono, máis alá do mal uso que se poida realizar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se poden consentir a continuidade destes vertidos, o acontecido non é un caso illado, senón que son recorrentes e crónicos os que se producen ao Asneiro e que logo continúan polos ríos Deza, Ulla e chegan á ría de Arousa. É grave esta situación pola afectación ao conxunto dos ecosistemas e porque augas abaixo hai diversas captacións de auga para uso da poboación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. A que agarda a Xunta de Galiza para adoptar medidas que rematen con estes vertidos desde a depuradora de Botos?

. Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante do actual vertido dunha espesa capa de espuma ao río Deza?

. Ten realizado algunha investigación para determinar a orixe do vertido e a sustancia vertida

. De ser así cal é o resultado da mesma?

. Ten realizado a Xunta unha avaliación das consecuencias dos vertidos tanto nos ecosistemas dos ríos afectados como na ría de Arousa?

. Cantos vertidos teñen detectado e investigado nos últimos anos procedentes desta depuradora?

. Considera que a depuradora está dimensionada e cumpre coas condicións para atender as necesidades do tecido empresarial deste polígono?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2021 13:26:21

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2021 13:26:35



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 2020-2021 foi un curso académico marcado pola pandemia cunhas dificultades manifestas provocadas polas restricións sanitarias que foron exitosamente sorteadas grazas ao extraordinario traballo da comunidade educativa galega, nomeadamente do persoal de dirección e docente dos centros educativos.

Mais a pesar de que parece chegar a fin da crise sanitaria, as administracións recomendan que o próximo 2021-2022 sexa un curso cunha organización e funcionamento moi semellantes ao pasado, polo que non parece moi axeitado realizar cambios de calado que supoñan un esforzo aínda maior para a comunidade educativa.

Neste contexto, a inspección educativa acaba de anunciar que no CEIP A Igrexa, de Calo (Teo) suprimirán unha das tres unidades que mantiña ata o de agora en cuarto curso de primaria para conformar dúas aulas de 25 alumnos cada unha.

Se ben se cumprirían as ratios legais establecidas, toda a comunidade educativa do centro oponse a esta decisión polas complicacións que tería organizar estas aulas coas medidas restritivas acordadas e porque nese nivel educativo o centro ten máis dun dez por cento de estudantes con necesidades educativas especiais, entre eles dous con trastorno do espectro autista.

Dáse a circunstancia de que o desdoblamento en tres unidades dese curso fora unha decisión referendada pola anterior inspección educativa, que entendía a complexidade de atender as necesidades pedagóxicas de todo o alumnado. E efectivamente, ese desdoblamento supuxo unha importante melloría tanto para o alumnado con necesidades educativas especiais como para os seus compañeiros e compañeiras de aula. Por iso, os pais e nais da Anpa A Rabadela temen que de levar a cabo a redución dunha aula se produza un retroceso na evolución dos nenos e nenas.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Dado o contexto de pandemia no que se organizará novamente o vindeiro curso escolar, considera aceptable o Goberno galego agrupar tres unidades dun curso de primaria en dúas no CEIP A Igrexa de Calo tendo en conta que o dez por cento do alumnado ten necesidades educativas especiais?



2ª) Considera que o CEIP A Igrexa de Calo conta co persoal educativo e de apoio suficiente para atender os nenos e nenas con necesidades educativas especiais e garantir así o normal desenvolvemento do curso escolar?

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/07/2021 10:49:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/07/2021 10:49:17



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A estrada AC-400 ao seu paso polo concello de Mazaricos conta cun punto perigoso no seu quilómetro 11 (lugar das Paxareiras), na intersección coa estrada local cara a Arcos e Colúns. Proba desta perigosidade é que xa tiveron lugar varios accidentes.

Esa estrada comarcal, que soporta ademais bastante tráfico pesado, é moi transitada sobre todo na época estival xa que conecta coa Costa da Morte. É por isto que a veciñanza local, así como o Grupo Municipal Socialista teñen manifestado en varias ocasións a súa preocupación pola perigosidade dese cruzamento, que parte dun pronunciado cambio de rasante nun traxecto no que os vehículos transitan a moita velocidade.

Para garantir a seguridade viaria, o máis axeitado sería converter ese intersección nunha rotonda, que obrigaría a minorar a marcha de todos os vehículos que por alí transiten ademais de mellorar a visibilidade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) É coñecedor o Goberno galego da perigosidade da intersección existente no quilómetro 11 da AC-400?
- 2ª) Pensa tomar algunha medida para garantir a seguridade viaria nese punto concreto, moi transitado na época estival e que dificulta a seguridade viaria da veciñanza local?

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/07/2021 14:06:50

Patricia Otero Rodríguez na data 09/07/2021 14:07:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/07/2021 14:07:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os recortes no cadros de profesorado dos centros para o curso 21/22.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas datas os servizos de inspección educativa están a comunicar a centros de todo o país os recortes de profesorado da Consellaría de Educación.

Despois dun ano de pandemia no que a comunidade educativa deu o mellor de si para que o curso 20/21 transcorrese coa maior das normalidades posíbeis; facendo esforzos inxentes (a pesar de contar recursos e persoal moi axustados) a Consellaría de educación volve neste curso 21/22 retomar a súa política de recortes no ensino público. Uns recortes no persoal docente que está a ser comunicado nestes días diferentes centros e que tal e como denuncia a comunidade educativa terá serias consecuencias para o alumnado.

A día de hoxe, son xa ducias os centros en todo o país, dende Valdeorras até o Barbanza e dende A Coruña ao Baixo Miño aos que se lles están a comunicar estes recortes. Unha redución de profesorado que implicará novamente ratios disparadas e desatención das necesidades de reforzo e apoio daquel alumnado que máis o precisa.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que é un exercicio de cinismo político sen precedentes que a mesma Consellaría de Educación que di agradecer o traballo do profesorado polo seu labor durante pandemia, practique o seu agradecemento cun recorte no cadro do persoal docente para o curso 21/22 que porá en serias dificultades educativas tanto ao profesorado e alumnado, como ao resto de integrantes da comunidade educativa.

Alén das incertezas sobre cal vai ser a situación sanitaria neste inicio de curso, semella unha evidencia que estes dous cursos marcados pola pandemia esixirán que nos vindeiros meses (e anos) haxa que facer esforzos inxentes para que os efectos das dificultades vividas polo alumando durante a pandemia sexan os mínimos posíbeis. Uns cursos vindeiros nos que o que se precisa e reforzar o ensino público mantendo cando menos os desdobres que se deron neste curso, reducindo as ratios para unha mellor atención ao alumando e con plans de reforzo e acompañamento para o alumnado que máis o precise.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta de Galiza manter todo o profesorado necesario para consolidar cando menos os desdobres autorizados en todos os niveis educativos do curso 20/21; a manter no curso 21/22 cando menos os 1350 postos docentes creados neste curso escolar e a reforzar os cadros de persoal do ensino público co obxectivo de redución das ratios máximas por aula e a recuperación do horario lectivo do profesorado?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/07/2021 17:48:18

Mercedes Queixas Zas na data 09/07/2021 17:48:33

Daniel Castro García na data 09/07/2021 17:48:43





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a situación da atención primaria no concello de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Oia leva meses sofrendo o deterioro da súa atención primaria. Uns recortes neste servizo sanitario que entronca co proceso de desmantelamento da sanidade pública en toda a comarca do Baixo Miño e que está a motivar protestas constantes da veciñanza.

Hai meses que a veciñanza de Oia tivo que ver como o servizo de Pediatría era eliminado do Centro de Saúde. Este novo recorte na sanidade pública fixo que a veciñanza iniciase mobilizacións en defensa dunha atención pediátrica digna para os nenos e nenas de Oia, o que obrigou á Consellaría de Sanidade a restituír temporalmente un servizo que aínda así resultaba insuficiente, xa que non existía atención pediátrica diaria no centro de Saúde de Oia.

Pero o proceso de recorte e desmantelamento da sanidade pública de Oia continuou cando o SERGAS se negou tamén a cubrir as baixas dos facultativos do centro de saúde. Esta situación provocou listas de espera de máis de dúas semanas para unha cita de atención primaria e deixou á veciñanza de Oia no risco de se atopar cun centro de saúde sen médicos se o único facultativo que había no momento no centro tiver que ausentarse para atender unha urxencia.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe o centro de Saúde de Oia fica colapsado sen que SERGAS implemente ningún tipo de medida. Os dous médicos do centro de saúde de Oia están de baixa sendo substituídas por un único médico que nin sequera está a xornada completa e que en varios días tan só dispón de 3 horas de consulta.

A pesar de o concello de Oia ser un concello que no verán incrementa a súa poboación a única alternativa que dá a Xunta para este verán é que sexan 5 médicos diferentes os que cubran tan só media xornada dos dous cupos sanitarios recoñecidos no centro de saúde.

No que ten a ver coa atención pediátrica, a día de hoxe o servizo de pediatría de Oia foi tamén retirado obrigando ás familias a recibir a atención pediátrica no Concello da Guarda.

Esta situación de desmantelamento afecta tamén a outros servizos como o de enfermaría ou PSX que se atopan absolutamente saturados pola falta de persoal e a sobrecarga de traballo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o Goberno galego garantir unha atención sanitaria digna no Concello de Oia cubrindo a totalidade das ausencias dos profesionais sanitarios e dotando o centro de saúde dun servizo de pediatría a xornada completa?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2021 18:11:26

Iria Carreira Pazos na data 09/07/2021 18:11:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/07/2021 18:11:41



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 8 de xullo a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 8 de xullo de 2021, pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da covid-19 na comunidade autónoma de Galicia e pola que se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola covid-19.

Na súa exposición de motivos, a Orde alude á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o feito que fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da covid-19 e polo que se engade un punto 3.31 ao anexo da Orde do 25 de xuño de 2021, que recolle literalmente:

“3.31. Uso seguro de lugares e espazos públicos.

1. Os concellos deberán adoptar medidas que coadxuven ao control das aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non se respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, polos riscos que presentan para a saúde pública, especialmente cando se realicen actividades prohibidas como o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, nos parques, xardíns e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.

2. De acordo co previsto no número anterior, nas rúas ou zonas de concentración de actividades de hostalaría e restauración, ou nos establecementos de lecer nocturno, os concellos deberán adoptar medidas de control e vixilancia para evitar que se produzan as aglomeracións de persoas antes indicadas, tanto durante o desenvolvemento das actividades de hostalaría e restauración ou de lecer nocturno coma na súa finalización ao chegar o horario do seu peche, coa finalidade de evitar o uso indebido dos lugares e espazos públicos como continuación destas actividades.



3. En particular, e de acordo co establecido na letra f) do número 1 do artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, coa mesma finalidade de coadxuvar no control das aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non se respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas, os concellos procederán ao peche dos parques e xardíns públicos e dos lugares similares, así como das praias, a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas. Recoméndase, así mesmo, a adopción desta medida nas prazas públicas que sexan punto de concentración habitual para a realización das indicadas actividades”.

Polo que á vista destas obrigas legais para os concellos, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales van ser os medios materiais e económicos que vai achegar o Goberno galego aos concellos para poder facer fronte de maneira eficiente a estas medidas?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/07/2021 15:15:29

Paloma Castro Rey na data 09/07/2021 15:15:42

Pablo Arangüena Fernández na data 09/07/2021 15:15:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a protección do patrimonio arqueolóxico de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Distintas manifestacións realizadas por destacados membros da Academia San Rosendo, e recollidas nos principais medios de comunicación de Ourense, advertían da posible existencia de importantes vestixios arquitectónicos e arqueolóxicos na zona do Monte da Neve e nos Altos da Lagoa no Concello de Celanova.

Após dunha iniciativa presentada pola representación do Bloque Nacionalista Galego consta informe arqueolóxico elaborado por un técnico da administración pública no que, entroutos extremos, faise constar que:

“En vista do alto valor patrimonial que supón o conxunto do Monte da Neve e contorna dos Altos da Lagoa, deberanse ter en conta tódolos elementos rexistrados no presente documento, non só individualmente, senón dentro do conxunto do que forman parte.

Así, as necrópoles megalíticas deben ser consideradas unha única área arqueolóxica (...) ao igual que como conxunto deben ser concibidos os lugares vinculados ao pasado fundacional de Celanova e dos restos relacionados cos antepasados de San Rosendo”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No informe arqueolóxico reconécese a existencia na zona dos Altos da Lagoa da maior concentración de túmulos megalíticos coñecida no Concello de Celanova, distribuída en tres necrópoles, Pozo da Lagoa, Altos da Lagoa e Monte Oural, e formada por un total de 25 túmulos, 9 dos que non figuran rexistrados no inventario arqueolóxico da Xunta de Galiza. Os túmulos existentes e aínda non inventariados, a xuízo do técnico informante “deberán integrarse no mesmo (inventario arqueolóxico da Xunta de Galiza) a partires da revisión e estudos levados a cabo na actualidade”.

Recentes achados e estudos están descubrindo a existencia de numerosos vestixios arqueolóxicos ate hoxe descoñecidos e que a documentación medieval relaciona coa fundación da vila de Celanova. Vestixios que por corresponderen a estudos aínda en curso non están incluídos nos inventarios arqueolóxicos e que por iso - malia a súa importancia- non gozan da necesaria protección. Esta ausencia de protección provoca que podan verse ameazados polo proxecto da empresa Baywa para a construción dun parque eólico que afecta ao concello de Celanova. En concreto o voo das aspas dos aeroxeneradores A5 e A7 na proposta de posicións actuais abalazándose moito sobre lugares nos que se localizaron restos arqueolóxicos importantes.

Os recursos e valores históricos e culturais son (deben ser) de máxima prioridade para o concello de Celanova e toda vez que a proximidade dos aeroxeneradores á contorna do Monte da Neve afectaría á área de protección dos bens rexistrados e susceptíbeis de protección debería valorarse arredar a posición dos aeros da ubicación proposta evitando a visión dos mesmos dende Celanova, así como a invasión do voo das aspas sobre as áreas de protección dos sitios indicados.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza o alcance e importancia das investigacións arqueolóxicas que se se están a realizar na contorna do Monte da Neve e do Alto da Lagoa?

. Considera a Xunta de Galiza que os achados arqueolóxicos son susceptibles de ser incluídos no inventario arqueolóxico e son merecentes de protección?

. Realizou algunha actuación ou trámite para a inclusión no inventario arqueolóxico da Xunta de Galiza da totalidade dos túmulos existentes na necrópole do Alto da Lagoa?

. Entende a Xunta de Galiza que o proxecto de parque eólico que atinxe ao Concello de Celanova é inocuo para os elementos arqueolóxicos existentes no concello e para os que están sendo obxecto de estudo e valoración?

. Que accións está actualmente desenvolvendo a Xunta de Galiza para a investigación, valoración e protección dos restos arqueolóxicos existentes na contorna do Monte da Neve e do Alto da Lagoa?

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/07/2021 11:22:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/07/2021 11:22:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a adxudicación das obras de dragaxe da Ría do Burgo e a súa afectación na parálise produtiva dos mariscadores e mariscadoras en activo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño os medios de comunicación informaban da adxudicación das obras de dragaxe da Ría do Burgo á UTE integrada por Acciona Construcción-Matías Arrom Babiloni.

É esta unha nova moi ben recibida para todos os membros da Confraría de Pescadores da Coruña e, en especial, para todos os homes e mulleres que integran os colectivos de marisqueo a pé e de marisqueo a flote, un colectivo profesional implicado sen descanso na recuperación da Ría do Burgo, un sector produtivo e económico imprescindible para toda a comarca da Coruña que vive décadas de continuo abandono.

Como xa temos trasladado a esta cámara en diferentes iniciativas, a paralización da actividade extractiva estenderase durante un prazo de 26 meses, un tempo que se prolongará, como mínimo un ano máis, mentres non se poida reiniciar a capacidade produtiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A maiores, acrecéntase agora no colectivo de traballadores da Ría do Burgo a preocupación que implica non recibir ningunha información a respecto do inicio e desenvolvemento das obras de dragaxe da ría.

Nesta altura, os vellos interrogantes seguen activos e sen resposta por parte da administración da Xunta e do Estado, polo que a preocupación das mariscadoras e mariscadores non deixa de medrar ante a incerteza de cal vai ser o seu sustento económico e vital durante o tempo que dure a recuperación da Ría do Burgo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Mantén o goberno da Xunta comunicación co goberno do Estado para o desenvolvemento das obras de dragaxe da Ría do Burgo?
- . Coñece a Xunta de Galiza a data de inicio dos traballos de dragaxe da Ría do Burgo, así como o seu plan de execución?
- . Está a comunicar esta información á Confraría de Pescadores da Coruña?
- . Que administración é a encargada de paralizar os plans de xestión que están en vigor a día de hoxe?
- . Iniciou a Xunta o proceso de diálogo co Estado para garantir as necesarias compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo de inactividade laboral obrigada?
- . Que vai pasar cos mariscadores e mariscadoras que se ven obrigados a deixar de mariscar por mor das obras durante máis de 2 anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que administración se vai facer cargo das compensacións por este cese forzoso da actividade extractiva?

. Mantén comunicación continuada o goberno coa Confraría de Pescadores da Coruña para atender o futuro laboral e económico das mariscadoras e mariscadores e das súas familias?

. Que garantías de futuro lles ten achegado o goberno da Xunta?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 13/07/2021 15:10:42

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2021 15:10:47

Mercedes Queixas Zas na data 13/07/2021 15:10:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No chamado regato de Piñor que verte as súas augas no río Furelos, a escasa distancia do polígono industrial da Madanela, en terreo da Rede Natura, en monte veciñal, o día 10 do mes en curso detéctanse vertidos de augas residuais procedentes a todas luces do mentado polígono.

Obsérvase unha derivación do leito deste regato por medio dunha canle, feita na cima dunha extensión de cerca dunha hectárea, que á súa vez ten varios regos perpendiculares destinados a estender as augas contaminadas por toda esa superficie. Semella un sistema de regadío ben calculado e executado.

Esta superficie vese inzada de pozas naturais xa existentes cunha considerable poboación de parrulos silvestres que alí crían, e cunha roza mecánica de hai pouco tempo.

As augas, logo deste percorrido infecto regresan pola zona baixa ao regato de procedencia parte delas polo medio e medio dun camiño público.

Unha vez máis vémonos na obriga de denunciar politicamente esta situación. O deficiente saneamento das augas residuais e vertidos de orixe industrial do Polígono da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Madanela é asunto vello, pousado nos anos e na inactividade das institucións responsables de velar polo cumprimento da lei.

Unhas veces os vertidos van directamente ao río Furelos a través deste regato, e outras fan desviacións inexplicables para regresar igualmente ao maltreito río Furelos logo dun paseo purificador por espazo da Rede Natura.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Son coñecedores no Goberno galego deste novo vertido e das consecuencias medio ambientais que produce?
- . Cales foron as medidas adoptadas logo deste coñecemento?
- . Que pensa facer a respecto do espazo contaminado ?
- . Que ten previsto para acabar dunha vez con estes vertidos industriais clandestinos que tanto mal levan facendo en anos e anos de ollar para outro lado por parte das institucións responsables?
- . Para cando a dotación dunha EDAR industrial que responda ás necesidade de depuración dos vertido industriais xerados no polígono da Madanela de Melide?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2021 16:27:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/07/2021 16:27:27



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para o paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións. Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio Plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega mais, xa chegados ao ecuador do programa, na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país. Así, mentres algunha presta o HADO a todo o seu territorio, na de Santiago de Compostela e Barbanza ese servizo só lle corresponde a pacientes da capital galega e aos que habitan nunha área de ata 25 quilómetros da Unidade, deixando así fóra a núcleos como Rianxo, por exemplo.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?

2ª) Cales son as razóns de que a área sanitaria de Compostela e Barbanza só ofrezca o servizo de HADO a 25 km da Unidade hospitalaria de referencia, deixando así fóra a numerosos núcleos de poboación das comarcas afectadas?



3ª) Cando está previsto chegar o servizo HADO ao Concello de Rianxo?

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 05/07/2021 13:52:28

Julio Torrado Quintela na data 05/07/2021 13:52:42

Marina Ortega Otero na data 05/07/2021 13:52:52



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no Boletín Oficial de Galicia do 8 de xaneiro deste ano a Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Na propia exposición de motivos establécese que a finalidade destas axudas dirixidas a concellos é establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora dos servizos e ao acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación nos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, co obxecto de mellorar a competitividade de oferta de solo empresarial, como elemento dinamizador da economía e do emprego local, para as que se destinaron inicialmente 2.300.000 € ampliados pola Orde do 29 de xuño de 20201 ata chegar aos 4.127.861,62 €; podendo acadar os concellos o 80 % do importe total consignado como subvencionable e cun máximo de 120.000 € para as solicitudes individuais e de 138.000 € para as solicitudes conxuntas.

As actuacións e gastos subvencionables, segundo se establece no artigo 3 das bases, son para plantas de depuración de augas; xestión de residuos dentro do parque empresarial; infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial; instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial; instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita conra incendios dentro do parque empresarial ou para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do recinto empresarial.



Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións nos últimos 6 anos?

2ª) Cales foron os concellos beneficiados por estas subvencións e as contías recibidas nos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021?

3ª) Cales son as razóns que xustifican a maior puntuación aos concellos resultantes dunha fusión?

4ª) Nos cinco últimos exercicios as entidades resultantes dunha fusión de concellos recibiron esta subvención? Cal foi a contía achegada en cada un dos exercicios?

5ª) Cales son as razóns que xustifican a maior puntuación ás solicitudes conxuntas entre dous ou máis concellos?

6ª) Cantos solicitudes conxuntas recibiron subvención nos últimos cinco exercicios? Cal foi a contida achegada en cada un dos exercicios?

7ª) Ten elaborado o Goberno galego algún estudo sobre o número de empresas asentadas, así como as vantaxes acadadas naqueles parques empresariais acollidos á iniciativa «*Concellos Doing Business Galicia*»?

8ª) Ten elaborado o Goberno galego algún estudo sobre as necesidades de servizos e de infraestruturas dos parques empresariais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/07/2021 11:29:40

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/07/2021 11:29:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o macroproxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural en Aranga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xuño de 2021 o Diario Oficial de Galiza publicaba o anuncio da Consellaría do Medio Rural para a exposición pública do proxecto de EAI para a aprobación do Proxecto de Ordenación Forestal do Monte de Carballoa, no concello de Aranga.

O anuncio da Xefatura Territorial da Coruña estaba datado no día 20 de maio de 2021, só 1 día antes da publicación, no mesmo DOG, da Lei 11/2021 de Recuperación de Terra Agraria de Galiza que establece unha pseudomoratoria de todas as novas plantacións de eucalipto en Galiza cuxa tramitación non fose iniciada con anterioridade á entrada en vigor da Lei e estendida no tempo, en principio, até o 31 de decembro de 2025.

Máis aló da curiosa sucesión temporal e da clarividencia da empresa promotora para presentar o seu proxecto só 2 días antes da entrada en vigor da lei son moitas as cuestións que resultan preocupantes neste proxecto eucaliptizador que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pretende actuar sobre 120 hectáreas en terreos de protección natural na parroquia de Vilarraso, no concello de Aranga.

Así, tempo despois do intento de recualificación urbanística deses mesmo terreos polo mesmo promotor, o propio Estudo de Impacto Ambiental (EIA) especifica que no PXOM correspondente o monte está cualificado maioritariamente como “solo rústico de protección de espazos naturais”, o que deixa xa constancia dos valores ambientais da zona á que afecta esta proposta de ordenación.

Máis concretamente segundo detalla o proxecto o ámbito está formado por 113 hectáreas de solo rústico de protección de espazos naturais; 20 has de protección de augas; 0,7 has de solo rústico de protección agropecuaria e só 3 hectáreas, de solo rústico de protección forestal.

Estes datos, por si propios, terían que resultar directamente na denegación do permiso autonómico para este novo proxecto eucaliptizador. Pero hai máis.

Na proposta de ordenación o ámbito destinado a usos madeireiros ocuparía unha superficie de 98,3 hectáreas e o sector que denomina “protector”, 20,6 has. O uso madeireiro consistiría fundamentalmente a plantación de Eucalipto Nitens. Así, mentres a literatura da proposta semella defender unha ordenación multifuncional do monte compatíbel coa protección do medio natural, a ordenación proposta avanza xustamente no sentido contrario. Establécese un uso maioritario para a plantación de eucalipto mentres se reservan só as beiras dos rios e regatos para especies de ribeira autóctonas.

Estamos a falar, e resulta importante non esquecerlo, dun proxecto situado en terreos que fan parte da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mandeo e así se sinala no propio EIA; mais esquecen mencionar no documento que tamén se atopan no lugar as Brañas do Deo, incluídas na proposta de ampliación da Rede Natura.

Na zona proposta atopamos tamén varios hábitats de interese comunitario, o que dá unha idea do alto valor ambiental da zona e da incompatibilidade da súa conservación coa plantación de Eucalipto Nítens para usos madeireiros. Ao tempo, resulta innegábel o impacto que un proxecto desta envergadura tería sobre os recursos hídricos dunha zona na que se poden atopar lagoas, humidais e distintos cursos de auga.

De forma conxunta aos impactos sobre o medio natural, o monte da Carballoa entra dentro da zona de cautela de dous elementos patrimoniais: o muíño de Vilaurís e a mámoa de Torrelavandeira. Esta última sufrirá unha afectación severa. Esta mámoa xa vai ter un impacto, segundo o EIA por dous dos Parque Eólicos proxectados na zona, o PE Fontella e o PE Penas Boas, e non hai un estudo conxunto de como estes proxectos de PE e o de explotación do Monte da Carballoa para a plantación de eucalipto, que aquí nos presentan, afectarían á Necrópole megalítica do Monte do Gato, do que esta mámoa forma parte.

Este proxecto terá tamén un importante impacto visual nunha zona onde xa se están tramitando autorizacións para a instalación de 6 parques eólicos, dous deles en terreos do mesmo propietario que promove este proxecto. Non existe nesta altura un estudo conxunto das sinerxías e do impacto visual conxunto que estes proxectos van ter nunha zona onde xa existen minas a ceo aberto e liñas de alta tensión que teñen xa un importante impacto sobre a paisaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Fan algunha valoración da secuencia temporal en que se deu a presentación deste proxecto e a entrada en vigor da Lei 11/2011 de Recuperación de Terra Agraria de Galiza?

- Consideran que proxectos destas características son compatíbeis co espírito da disposición transitoria novena da citada Lei referida aos repoboamentos co xénero Eucalyptus?

- Vai permitir a Xunta de Galiza a execución deste proxecto que supón a plantación de 98,3 hectáreas de eucalipto nuns terreos que inclúen solos de protección de augas, de protección agropecuaria e de espazos naturais?

- Ten valorado a Xunta de Galiza o impacto conxunto que suporía nestes espazos protexidos a execución deste proxecto eucaliptizador?

- Que afección tería sobre os recursos hídricos da zona?

- Valoran os impactos conxuntos que terían no Monte da Carballoa este proxecto unido aos até 6 parques eólicos proxectados e en tramitación na contorna?

- Estiman que as Brañas do Deo teñen de estar máis protexidas medioambientalmente?

- Considera a Xunta de Galiza que os terreos de protección agropecuaria deben ficar, tal e como marcaba a lei, libres de plantacións de eucaliptos?

- Estiman que se debe levar a cabo un traballo de deseucaliptización en todos os terreos de protección agropecuaria forestados ilegalmente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Consideran que as beiras dos cursos de auga así como os terreos medioambientalmente sensíbeis teñen que quedar fóra do desenvolvemento eólico?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Mercedes Queixas Zas

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/07/2021 11:15:45

Xosé Luis Bará Torres na data 15/07/2021 11:15:50

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2021 11:15:58

Mercedes Queixas Zas na data 15/07/2021 11:16:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2021 11:16:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A expansión indiscriminada de instalacións eólicas que se está a producir no noso país dende o ano 2019 está a poñer en evidencia a obsoleta normativa autonómica pola que se rexe esta actividade e a permisividade dunha administración que está a permitir a vulnerabilidade de todo tipo de dereitos. De feito, nos últimos meses sucédense as sentenzas que corroboran o modus operandi invasivo e agresivo, tanto por parte das empresas promotoras como da administración, que consinte e facilita unha ocupación do territorio que non garante os dereitos dos propietarios dos terreos e da sociedade en xeral.

Na actualidade hai numerosos exemplos que confirman unha ocupación abusiva e extrema de amplas zonas do territorio. É o caso das comarcas da Barbanza e Muros Noia, que xa son unhas das principais de Galiza.

Nelas, xa están en funcionamento a día de hoxe case 400 aeroxeneradores, que contan cunha potencia conxunta de máis de 300 MW e que xeran enerxía suficiente para cubrir as necesidades de máis de 450.000 fogares, practicamente a metade dos que existen en todo o país.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, de saír adiante os proxectos de novos parques eólicos previstos, estas cifras poderían medrar exponencialmente: As 20 instalacións existentes poderían duplicarse a curto prazo, a potencia actual multiplicaríase por 3 e sumaríanse 114 muíños aos xa existentes, pero cun tamaño e unha capacidade para xerar electricidade 6 veces maior que os que levan anos funcionando da comarca.

Nomeadamente, segundo os datos do Rexistro Eólico de Galiza, serán os concellos de Outes e Mazaricos os que soportarán 14 dos 19 parques previstos. É dicir, nada menos que 9 de cada 10 muíños e dous dos parques de maior capacidade de produción: Banzas e Maragouto.

Mais non son os únicos. No concello de Outes habería que engadir os de Vaqueira e Monte da Pena, neste caso con afectación tamén ao concello de Negreira, e todos nun radio de apenas 5 ou 6 Km. Isto convertería a zona, de facto, nun mega parque eólico cun falso fraccionamento nunha mesma área xeográfica e con liñas de evacuación e outras infraestruturas en común en moitos casos, o que lle facilitaría o procedemento de instalación

Precisamente, o DOG do pasado 25 de xuño recolle a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, relativa ao proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes, promovido pola empresa Norvento, S. L.

O proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 21 MW de potencia total e está composto por 7 aeroxeradores e toda a súa infraestrutura asociada. Distribuiranse ao longo do Monte da Pena, onde o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural reconece que existen elementos do patrimonio arqueolóxico e,





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda que informa favorabelmente ao recollido no Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) propón unha serie de “cautelas”.

Neste sentido, o propio Pleno da Corporación de Outes aprobou, en novembro de 2019, analizar o mellor marco legal no que candidatar o Monte da Pena para incluílo como un espazo natural protexido de interese local.

Este acordo baséase na valoración do Monte da Pena como unha paraxe natural do termo municipal de Outes, de suma importancia natural, histórica e paisaxística. Nel, consérvanse tres mámoas ao seu pé, unha no cume a menos de 50 metros do punto xeodésico e dúas na parte baixa dos Penedos. Outras dúas nos Chans da Millareira e no Alto do Pedrouzo, a menos de 500 metros, e outras dúas na súa área de dominio, a de A Medoña en Tardeado e a do Garllardo. Ademais, moi preto existen xa catalogados cando menos oito castros entre os concellos de Outes e Negreira.

Dende o punto de vista paisaxístico, a súa posición e elevación estratéxica permite ver as dúas marxes da ría de Muros e Noia, dende o Castro de Baroña a Monte Louro. E por entre os montes do Confurco (na parroquia de Tállara, en Lousame), a ría de Arousa e a imponente serra do Barbanza. Pode, á súa vez, ser avistado dende un radio de máis de 40 Km. ao seu arredor, dende todas as praias, cabos e pobos que miran mar adentro dende ambas as marxes da ría de Muros e Noia, constituíndo un recurso turístico de altísimo valor.

En definitiva, estamos pois a falar dun lugar de indubidábel valor cultural, patrimonial, arqueolóxico, histórico e paisaxístico que debería estar protexido hai xa moito tempo, tal e como suxire a obra dos historiadores Xerardo Agrafoxo e Xan Mariño, entre outros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais esta falla de protección na actualidade non pode ser de ningún xeito a vía na que se sustenten actuacións que priven da riqueza do Monte da Pena á sociedade en xeral e o convertan nunha paraxe industrial para beneficio duns poucos. A paisaxe, o patrimonio natural e cultural tamén son fonte de riqueza e desenvolvemento polo que é obriga da administración protexelos, velar polo interese xeral e impedir que intereses particulares podan prevalecer por enriba dos dereitos da cidadanía e da conservación do territorio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos proxectos eólicos que están previstos nas comarcas da Barbanza e Muros e Noia?

2.- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a instalación de 14 dos 19 parques eólicos previstos nesas comarcas se vaian ubicar nos concellos de Outes e Mazaricos?

3.- Como valora o feito de que os parques eólicos previstos nos concellos de Outes, Mazaricos e Negreira constitúen, de facto, un mega parque con liñas de evacuación e infraestruturas comúns en moitos casos? Considera que o fraccionamento é real ou só unha vía que facilita o seu procedemento de instalación?

4.- É coñecedora a Xunta de Galiza da riqueza natural, cultural, patrimonial, histórica, arqueolóxica e paisaxística do Monte da Pena? De ser así, que medidas ten pensado levar a cabo para a súa protección e salvagarda?

5.- Ten coñecemento o goberno galego do acordo tomado polo Concello de Outes en novembro de 2019 dirixido á protección do Monte da Pena?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 6.- Considera que é un espazo susceptible de protección?
- 7.- Vai paralizar cautelarmente o parque eólico Outes, proxectado no Monte da Pena para evitar a destrución irreversible da zona?
- 8.- Vai levar a cabo un estudo que permita investigar en profundidade, poñer en valor e protexer a riqueza do Monte da Pena?
- 9.- Vai levar a cabo unha avaliación conxunta dos impactos de construción e instalación de todos os parques previstos nesa área xeográfica?
- 10.- Ten previsto a Xunta de Galiza impulsar un cambio na normativa eólica actual? De ser así, vai contar coa participación dos axentes implicados e buscar o máximo consenso posible?
- 11.- Pensa o goberno galego incrementar o territorio protexido do noso país a través do desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2021 13:52:45

Mercedes Queixas Zas na data 15/07/2021 13:52:48

Xosé Luis Bará Torres na data 15/07/2021 13:52:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a perda de servizos e o deterioro da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a desaparición da área sanitaria de Valdeorras os veciños e veciñas desta comarca do oriente ourensán teñen asistido a un paulatino deterioro dos seus servizos asistenciais dentro da sanidade pública que se teñen visto acrecentados gravemente no último ano.

Así, no último terzo de 2020 vimos como o servizo de radiodiagnóstico sufría unha merma importante tras a execución do concurso de traslados o 25 de novembro; día a partires do cal o Hospital Público de Valdeorras perdeu dous dos catro radiólogos cos que contaba o que implica que a día de hoxe só queden dúas persoas traballando no servizo de Radiodiagnóstico, estando unha delas exenta das gardas localizadas.

Esta situación xa foi traída polo BNG ao Parlamento de Galiza sen que a resposta dada no seu momento polo conselleiro coa convocatoria de contratos de “longa duración” subsanase o problema que a día de hoxe semella xa enquistado mentres que a Xunta de Galiza dá por amortizada a contestación social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora a atención sanitaria da comarca agrávase aínda máis e estamos a asistir, ante a impasibilidade e inacción absolutas da Consellaría de Sanidade, a unha situación na que Valdeorras fica 11 días de xullo sen ambulancia UVI coa única argumentación por parte do goberno galego da “falta de persoal”.

Usuarias, profesionais, sindicatos e partidos políticos teñen denunciado esta situación na que de novo se deixa a Valdeorras sen un servizo imprescindible; moito máis se temos a conta a carencia no HPV doutros servizos básicos como UCI ou cardioloxía que fan habituais os traslados deste tipo ao centro de referencia en Ourense.

É importante sinalar que o CHUO se atopa a 120 km do HPV e que un traslado normal en UCI móbil xa ronda as 2 horas polo que na situación actual estes tempos son duplicados no mellor dos casos.

En todo caso a aludida escaseza de persoal por parte da Consellaría de Sanidade vaise reproducir de novo en agosto no que non semella senón unha burla aos dereitos da cidadanía de Valdeorras a acceder a unha sanidade gratuíta, pública e universal.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai tomar a Xunta de Galiza algunha medida estrutural para mellorar a carteira de servizos sanitarios no Hospital Público de Valdeorras?
- Que medidas van tomar para que non se volva dar a situación deste mes de xullo de 2021 no que durante 11 días o HPV non dispuxo de UCI Móbil?
- Que valoración fan da afectación da falta da UCI Móbil á atención sanitaria en Valdeorras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantos servizos de UCI móbil se reclamaron a Ourense desde Valdeorras nos días en que o HPV non dispuxo dese servizo?

- Vai resolver a Xunta de Galiza a falta de médicos radiólogos no HPV?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2021 17:34:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/07/2021 17:34:34

Noa Presas Bergantiños na data 15/07/2021 17:34:43

Iria Carreira Pazos na data 15/07/2021 17:34:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 15/07/2021 17:35:09





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 10:22:55
Nº Rexistro: 18540
Data envío: 15/07/2021 10:22:55.743
Data 15/07/2021 10:22

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **13092**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Castrelo de Miño”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade infórmase de que, en 2020, o Concello ao que se refire a iniciativa beneficiouse dunha subvención de Augas de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, destinada á redacción de plans emerxencia ante a situación de seca por importe de arredor de 9.000 euros ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 10:22:55
Nº Rexistro: 18540
Data envío: 15/07/2021 10:22:55.743

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/07/2021 10:22:51

CSV: BOPGDSPGeDNBYama12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 10:22:34
Nº Rexistro: 18539
Data envío: 15/07/2021 10:22:34.384
Data 15/07/2021 10:22

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **13102**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre “**os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Punxín**”, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase de que A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non asinou ningún convenio co Concello ao que fai referencia a iniciativa nos anos sinalados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 10:22:34
Nº Rexistro: 18539
Data envío: 15/07/2021 10:22:34.384

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/07/2021 10:22:30

CSV: BOPGDSPGeDNBYama12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 10:22:13
Nº Rexistro: 18538
Data envío: 15/07/2021 10:22:13.587
Data 15/07/2021 10:22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13121**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **“os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Irixo”**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación á pregunta que se formula, infórmase de que a Axencia Galega de Infraestruturas asinou, en 2018, un convenio de colaboración para a construción dunha senda peonil na estrada OU-223 co Concello ao que se fai referencia na iniciativa por importe de arredor de 187.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2021 10:22:13
Nº Rexistro: 18538
Data envío: 15/07/2021 10:22:13.587

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/07/2021 10:22:09

CSV: BOPGDSPGeDNBYama12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGeDNBYama12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

